

The background of the slide is a blue-tinted image of the European Union flag, showing the twelve gold stars on a blue field. The flag is waving and occupies the entire background. A dark blue rectangular box is overlaid on the upper half of the image, containing the title text in white.

2. Os fondos comunitarios na prática



2. Os fondos comunitarios na práctica

Os recursos económicos comunitarios que aparecen nas distintas rúbricas canalízanse a través de **programas** específicos e **fondos** creados a efectos concretos. Así, debidamente regulados e executados, deben asegurar a correcta distribución e uso axeitado das súas asignacións conforme

aos fins para os que se estableceron. Os recursos poden chegar aos seus destinatarios finais en forma de subvencións, axudas, premios, contratos públicos ou instrumentos financeiros como préstamos, garantías e mesmo a participación en capital.

Aínda que sempre é responsable da súa execución, a Comisión non sempre participa ou realiza a xestión directa dos recursos nas diferentes iniciativas, polo que establece controis rigorosos e efectivos sobre como se gastan eses fondos. Isto engade certa complexidade á hora de entender o funcionamento dos programas, xa que poden intervir actores intermedios que incorporan novos requirimentos. Isto significa que, para acceder ao financiamento que outorga un determinado programa, o solicitante deberá identificar e seguir coidadosamente as instrucións sobre como presentar a súa solicitude. Cada convocatoria é única. Os programas pódense executar por parte da Comisión de tres maneiras en función da forma de xestión do financiamento:



Xestión directa: a Comisión xestiona directamente o financiamento do programa.



Xestión compartida: a xestión do financiamento do programa realízase conxuntamente pola Comisión e as autoridades nacionais do país que recibe a axuda.



Xestión indirecta: realizada por organizacións asociadas de dentro ou fóra da UE que xestionan o financiamento.

2.1 Modelo de xestión directa

No modelo de xestión directa, a Comisión Europea encárgase de todos os pasos na execución do programa. Isto inclúe o lanzamento das convocatorias, a comunicación das mesmas, a avaliación das propostas, a firma de contratos, etc... As tarefas poden realizarse desde as dependencias da Comisión, nas súas delegacións ou a través das súas axencias executivas sen a interven-

ción de terceiros. Trátase de financiamento para obxectivos específicos e de carácter temático como o I+D+i, a educación, o medio ambiente ou emprego. Estes obxectivos están deseñados desde distintas direccións xerais da Comisión.






2.2 Modelo de xestión compartida

Neste modelo, a Comisión e os ministerios e autoridades públicas dos estados xestionan conxuntamente os fondos. Ao redor do 70 % dos programas da UE execútanse deste xeito. O mecanismo habitual é que o Marco financeiro plurianual asigne uns fondos a distribuír entre os Estados membros para satisfacer unhas determinadas políticas, e se establezan uns regulamentos para a xestión destes fondos. Despois, é labor dos Estados membros distribuílos, ben directamente aos solicitantes mediante convocatorias de proxectos ou subvencións a través de programas a nivel nacional, ou entre as rexións, que procederán igualmente establecendo os seus propios programas e mecanismos.

Por exemplo, a Política Agrícola Común (PAC) dispón do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), co seu Programa de pagos directos co que apoia aos agricultores, e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), co seu Programa nacional de desenvolvemento rural, cofinanciado polos estados. Este programa nacional aborda iniciativas de mellora do clima e o medio ambiente, así como a mellora da competitividade do sector agrícola e forestal, financiando aos grupos de desenvolvemento rural. Por primeira vez, a programación de ámbolos dous fondos estará guiada por un plan estratéxico na nova PAC 2021-2027.

De maneira similar, a política de cohesión europea finánciase fundamentalmente a través de tres grandes fondos:

-  Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).
-  Fondo Social Europeo plus (FSE+).
-  Fondo de Cohesión (FC).

Os dous primeiros conforman os fondos estruturais. Estes tres fondos seguen un Regulamento de disposicións comúns⁴ (RDC) ademais duns regulamentos particulares para cada un deles. Conforme a estes e mediante acordos particulares entre a UE e cada un dos Estados membros, establécense os programas, neste caso denominados programas operativos, aos que se lle asignará o reparto dos fondos previa aprobación por parte da Comisión. Posteriormente, os Estados membros distribuirán os fondos conforme aos programas e iniciativas aprobadas, e coa consecuente repartición, segundo proceda, ás rexións correspondentes.

2.3 Modelo de xestión indirecta

Son programas de financiamento executados parcial ou totalmente por autoridades nacionais de terceiros países ou organizacións internacionais. Son proxectos referidos na súa maioría á acción exterior en ámbitos coma a axuda humanitaria e o desenvolvemento internacional. Representan aproximadamente un 10 % do orzamento total da UE. Algúns exemplos de organismos aos que se adoita solicitar a xestión destes

fondos son: as Nacións Unidas e os seus organismos especializados, o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, o Banco Europeo de Investimentos, o Fondo Europeo de Investimentos, axencias descentralizadas como o Centro Europeo para a Prevención e o Control de Enfermidades, a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, a Axencia Europea de Gardacostas, EuroHPC, as axencias nacionais Erasmus+...

4. Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.